

DECRETO.- APROBACIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.

ANTECEDENTES

Vista a proposta do Concelleiro de Deportes do Concello de Riveira, na que solicita a concesión dunha subvención de 1.000 euros á Asociación Centro Recreativo de Artes, co obxecto de impulsar a práctica do deporte no Concello de Riveira, en especial do atletismo, pola vía prevista na Base de execución do orzamento 52.4.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Considerando que a Base de execución do orzamento nº 52.4 autoriza á Alcaldía a outorgar subvencións nominativas a entes públicos ou privados sen ánimo de lucro, nacionais ou estranxeiros.
2. Considerando que se acreditan na proposta do Concelleiro de Deportes as razóns de interese público, urxencia e excepcionalidade que motivan a concesión proposta e se concreta o obxecto, finalidade, forma de acreditación e forma de pagamento.
3. Visto que na aplicación orzamentaria 231E.480.00 existe crédito suficiente e axeitado e o informe de intervención de 12.09.2017.

Esta alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Outorgar unha subvención nominativa á Asociación Centro Recreativo de Artes, por un importe de 1.000€ e proceder a firma do convenio correspondente coa mencionada Asociación.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno do Concello, na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice, dando cumprimento así ó previsto no artigo 140.4, en relación co 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Riveira, á 13 de setembro de 2017.

O alcalde.

O Secretario

Fdo./ Manuel Ruiz Rivas

Fdo./Juan Manuel Salguero del Valle